



**COMITÉ DE EMPRESA  
TELEPERFORMANCE ESPAÑA S.A.U. A CORUÑA  
INFORMA**

Teleperformance, en Agrela, unha empresa de Contact Center, que se publicita como un referente mundial no seu sector con uns 800 empregadx en A Coruña, e que da servizo a grandes multinacionais tanto de telecomunicacións, enerxéticas e outros sectores, segue **incumplindo** os acordos e compromisos cos traballadorxs e xs seus representantes.

**O Comité de empresa de Teleperformance Coruña denuncia que a empresa continúa facendo caso omiso das continuas reivindicacións tanto de traballadorxs como da RLT.**

Ante esta situación decidiuse levar adiante un calendario de mobilizacións:

**- Concentracións nas datas dos días **11 e 23 de Xuño** de 12:30 a 13:30 diante do Centro de traballo que Teleperformance ten en Agrela.**

**- Convocatoria de paros parciais nos horarios de 12:30 a 13:30 e de 16:00 a 17:00 horas na data do 28 de Xuño.**

**Simultaneamente no horario de 12:30 a 13:30 realizarase una concentración diante das instalacións.**

O **OBXECTIVO** deste calendario de mobilizacións é rematar con:

- Os **continuos problemas no cómputo do rexistro de xornada** que derivan en **contínuos e reiterados descontos en nómina** por ausencias debidamente xustificadas polxs traballadorxs, así como por desconexións por fallos técnicos responsabilidade de Teleperformance. Cabe sinalar que o problema das incidencias de nómina levámolo arrastrando dende fai máis de dous anos, e que se foi agravando durante a pandemia.
- **As formacións precarias**, insuficientes e sen apoio tanto no centro como en teletraballo.
- **A implantación dunha ferramenta única para a comunicación coa empresa** con múltiples deficiencias i erros, que deixa totalmente indefensa á plantilla e limita o traballo sindical dxs representantes dxs traballadorxs.
- **A falla de información á representación dxs traballadorxs** e ausencia de vontade por parte da empresa para conseguir puntos de encontro.
- E como remate, a **negativa da empresa a compensar de maneira xusta e decente os gastos derivados do teletraballo** durante a pandemia, tal e como recolle o RD 28/2020, e non como una mera limosna que é o que a empresa ten plantexado.

**O Comité de empresa toma a decisión de levar adiante este calendario de mobilizacións como consecuencia da nula vontade por parte da empresa xa non de conseguir un acordo, senon que non se plantexa nin sentarse para intentalo.**

**Dende que comezou a pandemia, a empresa atopou o caldo de cultivo ideal para levar adiante todas e cada unha das súas pretensións, aplicando de maneira incondicional medidas unilaterais e restrictivas, recortes de dereitos e modificacións nas condicións de traballo .**

**Ante todo elo este Comité atópase coa incapacidade e falta de vontade da empresa para dar solucións.**

**Estas mobilizacións continuarán de non cambiar a situación que se leva arrastrando dende fai moitos meses e que Teleperformance decidiu ignorar.**

**NON PODEMOS PERMITIR QUE A PASIVIDADE E INOPERANCIA DA EMPRESA  
SE TRADUZA NA RUÍNA E PRECARIIDADE DAS PERSOAS TRABALLADORAS**